

Como afectan os factores meteorolóxicos ao nivel de contaminación?

A contaminación pode chegar a ser moi importante nas grandes cidades. Todos os anos escoitamos que Madrid ou Barcelona teñen serios problemas de contaminación atmosférica pero rara vez escoitamos o mesmo da Coruña ou Santiago de Compostela. Pode ter o clima algo que ver con isto ou é só que en Galicia pasamos de mirar a contaminación.



1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Coñecemos moitas das fontes de contaminación pero temos dificultades para realizar un estudo a longo prazo posto que dependemos dos niveis de contaminación e do tempo atmosférico. Para evitar o problema podemos empregar un simulador coma este ([enlace](#)).

2. Buscamos información.

Os principais factores meteorolóxicos que poden afectar ao nivel de contaminación son as precipitacións, o vento, a temperatura ou a insolación.

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

Agora xa podemos propor unha hipótese de traballo, unha posible resposta á pregunta inicial.

4. Realizamos un deseño de investigación.

Empregaremos o simulador e iremos cambiando unha única variable cada vez. Na gráfica da parte superior dereita vemos os niveis de contaminantes atopados. Para evitar que outros parámetros influan no resultado debemos manter constantes o número de coches, a contaminación causada por eles...

É moi importante que fagamos copia (pantallazo ou ctrl+imp pant) das gráficas e as condicións que imos introducindo.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os datos para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (Tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.